

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello

ARTIGO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello de Gondomar.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello de Gondomar, de conformidade co artigo 20.4.v) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 3. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que integran o feito impoñible.

ARTIGO 4. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Cota Tributaria

A contía da taxa verá determinada con arranxo ás tarifas que figuren no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 6. Exencións, Reducións e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei, coa sola excepción dos establecidos nos apartados seguintes:

- Estarán exentos das Taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934€.
- Estarán exentas de taxas os integrantes de familia numerosa que contén con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155€, no exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude de matrícula.

Para o goce destas exencións ditarase resolución da Concellaría de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

ARTIGO 7. Devengo

Devéñase a taxa e nace a obrigaón de contribuír no momento do inicio da prestación dos servizos ou da realización das actividades.

ARTIGO 8. Réxime de Ingreso

Os importes da matrícula abonaranse no momento de formalizar esta, dentro dos prazos establecidos ó efecto.

ARTIGO 9. Normas de Xestión

Procederáse á devolución das cotas satisfeitas, no caso de que, por causas non imputables ós administrados, non se prestara o correspondente servizo.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa cando se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos nos artigos 60 e 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria

ARTÍCULO 10. Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto aos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e as disposicións que a desenvolvan, conforme ao que se establece no artigo 11 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.

A N E X O

A cantidade a esixir por esta taxa obterase por aplicación das seguintes tarifas:

1.—ENSINANZA DE MÚSICA NO CONSERVATORIO DE GONDOMAR

| | 1º membro unidade familiar | 2º membro unidade familiar | 3º membro unidade familiar e segs. |
|---|----------------------------|----------------------------|------------------------------------|
| A) Curso completo de grao elemental | 255,31 | 188,55 | 125,76 |
| B) Por asignatura ou disciplina solta de grao elemental | 83,81 | 62,85 | 41,84 |